



Asunto: Prescripción de obrigas recoñecidas e/ou ordenadas por DI
Expediente TEDEC: 2026/X998/000020

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 24/03/2026, e no cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

Lexislación aplicable

- Código Civil (CC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL).
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- RD 500/1990, do 20 de abril, desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

Antecedentes

Pola Alcaldía solicítase informe sobre a lexislación aplicable, procedemento e órgano competente para tramitar un procedemento de declaración da prescripción de obrigas recoñecidas e/ou ordenadas por DI e comunicadas por esta Intervención:

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Terceiro	Nome Ter.	Texto	Importe
120180001392	DI	25/10/2018	39900	***1891**	CIPRIANO NEO VÁZQUEZ	DEVOLUCIÓN POR INGRESO MAIOR O CORRESPONDENTE	50,28

Consideracións Xurídicas:

Primeira.- Devolución de ingresos indebidos

O artigo 66 da LXT establece:

Prescribirán a los cuatro años los siguientes derechos:

- a) El derecho de la Administración para determinar la deuda tributaria mediante la oportuna liquidación.*
- b) El derecho de la Administración para exigir el pago de las deudas tributarias liquidadas y autoliquidadas.*
- c) El derecho a solicitar las devoluciones derivadas de la normativa de cada tributo, las devoluciones de ingresos indebidos y el reembolso del coste de las garantías.*
- d) El derecho a obtener las devoluciones derivadas de la normativa de cada tributo, las devoluciones de ingresos indebidos y el reembolso del coste de las garantías.*



O inicio do cómputo do prazo de prescripción está regulado no artigo 67 da LXT:

1. El plazo de prescripción comenzará a contarse en los distintos casos a los que se refiere el artículo 66 de esta Ley conforme a las siguientes reglas:

En el caso c), desde el día siguiente a aquel en que finalice el plazo para solicitar la correspondiente devolución derivada de la normativa de cada tributo o, en defecto de plazo, desde el día siguiente a aquel en que dicha devolución pudo solicitarse; desde el día siguiente a aquel en que se realizó el ingreso indebido o desde el día siguiente a la finalización del plazo para presentar la autoliquidación si el ingreso indebido se realizó dentro de dicho plazo; o desde el día siguiente a aquel en que adquiera firmeza la sentencia o resolución administrativa que declare total o parcialmente improcedente el acto impugnado.

Estes prazos poden ser interrompidos, no caso de darse algunha das causas de interrupción previstas no artigo 68 da LXT:

3. El plazo de prescripción del derecho al que se refiere el párrafo c) del artículo 66 de esta ley se interrumpe:
a) Por cualquier actuación fehaciente del obligado tributario que pretenda la devolución, el reembolso o la rectificación de su autoliquidación.
b) Por la interposición, tramitación o resolución de reclamaciones o recursos de cualquier clase.

Da información posta a disposición deste intervención, resulta:

1.- O ingreso indebido foi contabilizado o 25/10/2018.

2.- Non consta que se dese algunha das causas de interrupción do prazo de prescripción reguladas no artigo 68 da LXT (*actuación fehaciente do interesado que pretenda a devolución; interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase*)

Polo tanto, o dereito a solicitar e obter a devolución do ingreso indebido estaría prescrito.

Segunda.- Prescripción da obriga recoñecida por Devolución de ingresos indebidos.

O TRLFL nada prevé acerca dos medios polos que se extinguen as obrigas a cargo das facendas locais, polo que se debe acudir ao previsto na LXO, de aplicación supletoria para as Entidades Locais.

Así, o art. 22 LXO dispón que:

"1. As obrigas da Facenda Pública estatal extínguense polas causas contempladas no Código Civil e no resto do ordenamento xurídico".

2. A xestión dos créditos orzamentarios en orde a extinguir as obrigas da Facenda Pública estatal realizarase de conformidade co disposto no Título II desta lei e disposicións de desenvolvemento".

Tendo en conta o establecido no art. 22.1 LXO citado, as obrigas a cargo das facendas locais extinguiríanse, ademais de por outras causas previstas no ordenamento xurídico, polas xerais de extinción das obrigas previstas nos arts. 1156 e 1930 CC:



- Art. 1156: “As obrigas extínguense:
 - Polo pago ou cumprimento.
 - Pola perda da cousa debida.
 - Pola condonación da débeda.
 - Pola confusión dos dereitos de acredor e debedor”.
- Art. 1930 CC: “[...] *Tamén se extinguen do propio modo pola prescripción os dereitos e as accións, de calquera clase que sexan*”.

Considerando a relación de causas de extinción das obrigas exposta, en relación co instituto da prescripción, o art. 25.1 LXO, de xeito específico para as obrigas a cargo das facendas públicas, establece que “*agás o establecido por leis especiais, prescribirán aos catro anos*”:

a) *O dereito ao recoñecemento ou liquidación pola Facenda Pública estatal de toda obriga que non se solicitase coa presentación dos documentos xustificativos. O prazo contarase desde a data na que se concluíu o servizo ou a prestación determinante da obriga ou desde o día no que o dereito puido exercitarse.*

b) *O dereito a esixir o pago das obrigas xa recoñecidas ou liquidadas, se non fose reclamado polos acredores lexítimos ou os seus dereitohabentes. O prazo contarase desde a data da notificación, do recoñecemento ou liquidación da respectiva obriga”.*

A prescripción esixe para a súa efectividade o mero transcurso do tempo, resultando, pois, esencial determinar a data de comezo do cómputo (“**dies a quo**”).

Ao respecto, cómpre entender aplicable o previsto na letra b) do art. 25.1 LXO, por tratarse de obrigas que foron recoñecidas e aprobadas, debendo considerarse como “dies a quo” o de aprobación da obriga.

Neste mesmo senso se pronunciou a xurisprudencia (STS do 08/07/2004, ditada en casación para a unificación de doutrina) nun suposto semellante, se ben referido a un contrato de obras, ao deixar sentado que o “dies a quo” debe fixarse no momento no que se practica a liquidación da obra, pois nesa data se coñece o importe definitivo do contrato e se determina a magnitude do que debe ser aboado ao contratista.

O prazo de prescripción, a diferenza do de caducidade, pode interromperse, dispoñendo o art. 25.2 LXO que iso terá lugar “*conforme ás disposicións do Código Civil*” (art. 25.2 LXO) e, o art. 1973 CC dispón que “*a prescripción das accións interrompese polo seu exercicio perante os tribunais, por reclamación extraxudicial do acredor e por calquera acto de recoñecemento da débeda polo debedor*”.

No expediente que nos ocupa, estamos ante obrigas recoñecidas no exercicio orzamentario do 2018; tendo transcorrido o prazo de 4 anos sinalado no artigo 25.1.b) da LXO.

Ademais, en relación ás obrigas recoñecidas e pendentes de pago, non lle consta a esta Secretaría-Intervención que o seu pagamento fose reclamado en vía administrativa nin tampouco perante os tribunais. É dicir, dos antecedentes que obran no expediente non se desprende a interrupción do prazo de prescripción das obrigas contra a facenda local.

En canto aos efectos da prescripción das obrigas, o art. 25.3 LXO é claro ao dispor que “*as obrigas a cargo da Facenda Pública Estatal [Local, neste caso] que prescribieran, serán baixa nas respectivas contas, previa tramitación do oportuno expediente*”.



Terceira.- No referido ao procedemento de tramitación, non hai regulación específica algunha ao respecto. Tendo en conta que o artigo 94 do RD 500/1990 dispón que as obrigas recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro, integrarán a agrupación de Orzamentos pechados, e que deben cualificarse como operacións de Tesouraría; así como as regras básicas do procedemento administrativo común, deberían substanciarse os seguintes trámites:

- Incoación do expediente administrativo. *Consta.*
- Informe sobre a procedemento para a prescrición de obrigas recoñecidas/ordenadas. *Cumpríméntase co presente.*
- Bloqueo pola Tesouraría das propostas de pago correspondentes ás obrigas afectadas pola prescrición que comunicou a Intervención.
- Informe sobre a procedencia de declarar prescritas as obrigas. *Cumpríméntase co presente*
- Outorgamento dun trámite de audiencia aos interesados, para que poidan alegar o que estimen conveniente ao seu dereito.
- Do mesmo xeito, de acordo co establecido no artigo 44 parágrafo 2º da LPAC, podería ser conveniente publicar o trámite de audiencia no BOP e Taboleiro da sede electrónica.
- Resolución do procedemento, declarando prescritas as obrigas recoñecidas e/ou ordenadas, previa resolución das alegacións, se as houberse. Este acordo tamén será notificado aos interesados; ou publicado, segundo proceda.

Cuarta.- No tocante ao órgano competente, sempre houbo discrepancias.

Se nos atemos exclusivamente á normativa vixente, ao non establecerse expresamente a atribución desta competencia a ningún órgano, correspondería ao Alcalde, en virtude da cláusula residual do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, ademais, porque lle está atribuído o recoñecemento das obrigacións, a ordenación do pago e o pago material, xunto aos outros dous craveiros.

No entanto, o Tribunal de Contas mantivo, en máis dunha ocasión, que, dado que a baixa por prescrición destas obrigacións afecta a orzamentos pechados e estase afectando á Conta Xeral, cuxa competencia corresponde ao Pleno da Corporación, sería a este a quen correspondería a adopción do acordo de prescrición.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2026 sinalan:

*“3. As acumulacións e baixas que procedan serán ditaminadas pola Comisión Informativa correspondente, expoñeranse ó público para reclamacións e **serán aprobadas, se é do caso, polo Pleno**”*

Polo tanto, o órgano competente será o Pleno Corporativo, previo ditame da Comisión Informativa.

Conclusións:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Intervención Municipal, durante a revisión dos saldos das contas financeiras, detectou estas obrigas pendentes de pagamento cunha antigüidade superior a 4 anos. O importe destas operacións está a distorsionar a contabilidade do Concello aos efectos de que reflicta correctamente a imaxe fiel do seu patrimonio, da súa situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do seu orzamento, tal e como sinala a Regra 12 da Instrución do Modelo normal da Contabilidade Local, aprobada por Orde HAP 1718/2013, do 20 de setembro.

Á vista dos antecedentes expostos e da normativa aplicable, esta funcionaria considera que se dan os requisitos para prescribir as obrigas recoñecidas pendentes de pago e/ou ordenadas, polo transcurso do prazo de 4 anos, dende o recoñecemento da obriga (25/10/2018), sen que conste o exercicio de dereito algún por parte dos titulares a esixir o seu pagamento.

Este é o meu informe que emito sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito. De todos os xeitos, o órgano competente para resolver, no seu máis alto criterio, adoptará a decisión que estime máis conveniente ao interese xeral.

Documento asinado dixitalmente

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero.

*Visto. Achéguese ao expediente.
O Alcalde, Esteban Ares García.*